CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

# BANDO

**MARIA TERESA BARGE BELLO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE A BOLA (OURENSE) INFORMA:**

Que a Unión Europea xunto co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Xunta de Galicia, convocan liñas de axuda LEADER para promover a economía rural. Ditas axudas contarán con dúas liñas de actuación: Produtiva (Empresas y autónomos) e non produtiva (Entidades sen ánimo de lucro, comunidades de montes, asociación, etc.). (**Código do procedemento MR701L**)

**REQUISITOS:**

a) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.

c) Cumprir os requisitos de pequena empresa:

1º) Empregar menos de 50 persoas.

2º) Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.

d) Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.

e) Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os non produtivos.

f) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal, autonómica e local) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

g) Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda.

h) Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos.

CONCELLO DE A BOLA
(OURENSE)
C. P. 32812 - Telf. 988 45 12 93

## CONTÍA DA AXUDA

- Liña Produtiva: Axuda máxima de 100.000€ e subvención máxima do 50%. Seleccionarase por orde de puntuación do baremo.
- Liña non Produtiva: Axuda máxima de 30.000€ e subvención máxima do 90%. Selecciónanse por prioridadee , despois, por puntuación.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

**Dende o 3 de Febreiro ao 6 de Abril de 2026.**

## LIÑAS DE SUBVENCIÓN

1. Liña Produtiva. Implica a realización duha actividade económica. Empresas e Autónomos.
2. Liña Non Produtiva. Dirixido a entidades sen ánimo de lucro, comunidades de montes, comunidades de veciños, etc.

## PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

·De 2026 a 2028 para realizar o proxcecto/inversiones:

- 31/12/2026: executar un 10% do orzamento
- 01/07/2027: executar un 40% do orzamento
- 15/09/2028: executar o 50% restante

Para máis información poden dirixirse directamente ao **GDR Limia-Arnoia** para solicitar información: tecnico@limia-arnoia.gal ou no **988 688 779**

A Bola, 13 de Febreiro de 2026.

A Alcaldesa

MARIA TERESA BARGE (R: P3201500J)

Firmado digitalmente por MARIA TERESA BARGE (R: P3201500J)
Fecha: 2026.02.13 10:10:39 +01'00'